

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



POLOS CREATIVOS

KS-OF-Óptica/Fotónica
Refracción II

Refracción II

Achega

- ▶ Un recipiente transparente e liso, auga e un lapis.
- ▶ Rotulador, regra, outros elementos longos e finos...
- ▶ Papel e lapis para debuxar formas.

Observa

- ▶ Os ambigramas son palabras escritas de tal maneira que se len igual nunha dirección e na outra ofrecendo normalmente dúas lecturas: unha primeira como está escrita e outra xirando o debuxo 180°.
- ▶ Hai diferentes tipos de ambigramas en función da súa simetría: rotacionais, de simetría, tridimensionais, de espello, etc. Todo un mundo creativo para explorar.
- ▶ Os ambigramas xogan coa nosa percepción da información e coa interpretación que fai o noso cerebro dela. Ás veces esta interpretación non é a máis axeitada, polo que dicimos que podemos enganalo.

Indaga

- ▶ Seguindo coa "maxia científica", imos probar a facer varios ambigramas; podes traballar en grupo e facer propostas relacionadas con temáticas que prefiras. Amosade a vosa proposta a outros grupos para coñecer a súa interpretación.
- ▶ Prepara un recipiente transparente con auga para facer a inversión.

- ▶ Unha vez teñas os esbozos e os debuxos finais, realiza e proba os teus deseños de ambigramas con este inversor óptico.
- ▶ **René Magritte** dicía: *"Todo o que vemos agocha outra cosa. Sempre queremos ver o que está escondido detrás do que vemos"*. Poderíamos agochar un segredo nun ambigrama? Pensa en como codificar a información para transmitir e poder representala sen que poida ser revelada sen o inversor óptico.

ambigrama